



CORUÑA
>PRÓXIMA



Universidade de Vigo

Prazas e bolsas de aloxamento nas residencias da Universidade de Vigo 2018/2019

Convocatoria de prazas e axudas de aloxamento da Universidade de Vigo para o curso 2018/2019 nas residencias propias e concertadas dos campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.

REQUISITOS:

RESIDENCIAS:

- Ter o enderezo familiar fóra do termo municipal no que estea situada a residencia onde se solicita a praza de aloxamento. O alumnado do Campus de Ourense que teña o seu enderezo familiar neste termo municipal non poderá solicitar praza de aloxamento na residencia "ALCAI".
- Estar matriculado ou pendente de matrícula no curso 2018/2019 nalguna das titulacións de Grao, Máster ou Programas de Doutoramento, nun dos centros do campus no que opten á praza..
- A selección realizarase en función das puntuacións académicas e económicas recollidas na convocatoria

BOLSAS ALOXAMENTO:

- Estar matriculado en estudos de Grao, Máster e Programas de Doutoramento no curso académico 2018/2019 e manter a condición durante todo o curso.
- Ter adxudicada unha praza de residencia das convocadas nesta mesma convocatoria.
 - Ter unha renda anual por membro da unidade familiar igual ou inferior a:
 - 7.575 € para as 59 axudas de 100€/mes
 - 10.111 € para as 59 axudas de 60€/mes
- A adxudicación farase en función da renda per cápita.

DOTACIÓN

PRAZAS CONVOCADAS:

- Campus de Vigo: Complexo Residencial "O Castro"
 - 19 prazas en apartamentos individuais con cociña
 - 199 prazas en apartamentos individuais con cociña compartida (cada 2). 6 prazas adaptadas para discapacidade.
- Campus de Ourense: Complexo Residencial Universitario " As Burgas"
 - 131 prazas en apartamentos individuais con cociña.
 - 56 prazas en apartamentos individuais con cociña compartida (cada 2). 6 prazas adaptadas para discapacidade.
 - 4 prazas en apartamentos dobres con cociña.
- Campus de Ourense: Allariz - Complexo Residencial Concertado "Alcai"
 - 4 prazas en apartamentos con habitación individual (5 apartamentos).
- Campus de Pontevedra: Residencia de Estudantes "Afundación"
 - 62 prazas en habitaciónes dobres con baño.

BOLSAS:

- Tipo A: 59 axudas de 100 €/mes.
- Tipo B: 59 axudas de 60 €/mes.
- Esta axuda é incompatible con calquera outra bolsa e/ou axuda polo mesmo concepto.

PRAZO: ata o 6 de xullo de 2018

CONTACTO:

Universidade de Vigo
Edificio Miralles - Campus Lagoas Marcosende s/n. 36310 Vigo.
Tel.: 986 813 611
bolsas@uvigo.es
www.uvigo.es

 **FORUM METROPOLITANO**
Centro Municipal de Información Xuvenil
Río Monelos, 1. 15006 - A Coruña

981 184 294 cmix@coruna.es www.coruna.gal/cmix